

ADDENDA TERCEIRA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E O CONCELLO DE LUGO PARA A XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR EN DEZ CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO

REUNIDOS

Dunha parte, Román Rodríguez González, conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, que, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Miguel Fernández Méndez, alcalde-presidente do Concello de Lugo, que actúa en nome e representación deste, en virtude das competencias que ten recoñecidas no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 7 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

I.- Que con data do 27 de xullo de 2021 a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades (agora denominada Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional) asinou un convenio de colaboración co Concello de Lugo, para a xestión dos comedores escolares nos centros educativos CEIP Abeiros, CEIP Anexa, CEIP As Mercedes, CEIP Illa Verde, CEIP Menéndez Pelayo, CEIP Luis Pimentel, CEIP Rosalía de Castro, CEIP Sagrado Corazón e CEIP Paradai con vixencia para os cursos escolares 2021-2022 e 2022-2023.



Con data do 7 de xullo de 2023 asinouse unha addenda para os cursos escolares 2023-2024 e 2024-2025. Con data do 24 de xullo de 2025 asinouse a addenda segunda para os cursos escolares 2025-2026 e 2026-2027.

Con data do 12 de decembro de 2025 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo no que o concello autoriza o uso temporal e gratuíto de 100 metros de terreos de titularidade municipal coa finalidade que a consellería emprace unha instalación de carácter provisional destinada a comedor escolar da Escola de Educación Infantil Fingoi núm. 2 en Lugo. Este convenio terá unha duración de 2 anos, prorrogable, como máximo, por 1 ano máis.

De acordo con todo o anterior, e co obxectivo que o Concello de Lugo poida xestionar o servizo de comedor escolar na Escola de Educación Infantil Fingoi núm. 2, de xeito que, se facilite ás familias o uso deste servizo, a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e o Concello de Lugo, acordan a sinatura dunha terceira addenda con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

Constitúe o obxecto desta addenda, a incorporación da EEI Fingoi núm. 2 ao convenio inicial asinado co Concello de Lugo. A dita incorporación incrementa nun número máximo de 24 usuarios autorizados no comedor escolar durante o cursos escolares 2025-2026 (dende o 2 de febreiro ata o 19 de xuño de 2026) e 2026-2027, polo tanto, o número de usuarios pasa de 1004 a 1028 usuarios máximos autorizados previstos.



Segunda.- Financiamento da consellería

A incorporación da EEI Fingoi núm. 2, financiaráse con cargo a aplicación orzamentaria 07.01.423A.460.0 (código de proxecto 2015 00314) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, por importe de 3.524,40 € co seguinte desglose de anualidades:

2026: 1.940,40 €

2027: 1.584,00 €

Polo tanto a consellería comprométese a colaborar economicamente na xestión e organización do servizo de comedor escolar nos centros educativos CEIP Abeiros, CEIP Anexa, CEIP As Mercedes, CEIP Illa Verde, CEIP Menéndez Pelayo, CEIP Luis Pimentel, CEIP Rosalía de Castro, CEIP Sagrado Corazón, CEIP Paradai e EEI Fingoi núm. 2, mediante unha achega económica de 199.003,20 €, con cargo a aplicación orzamentaria 07.01.423A.460.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, dividida nas seguintes anualidades e importes:

Ano 2025: 31.475,40 €

Ano 2026: 99.679,80 €

Ano 2027: 67.848,00 €

Terceira.- Publicidade e rexistro da addenda terceira. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade desta addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición desta addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Coa sinatura desta addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Cuarta.- Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo, sen prexuízo da aplicación para o curso escolar 2025-2026 e 2026-2027 do financiamento establecido na cláusula segunda da presente addenda.

En proba de conformidade, asínase esta addenda terceira na data da súa sinatura dixital

O conselleiro de Educación,
Ciencia, Universidades e Formación
Profesional

O alcalde presidente do Concello
de Lugo

O secretario xeral técnico

P.D. (Orde do 05.06.2024)

Manuel Vila López

Miguel Fernández Méndez

